



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2021/G003/002742

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Subvención municipal para organización de actividades culturais de interese xeral, 2021. Aprobación de pagos e denegación de solicitudes)

ANTECEDENTES

1. As bases reguladoras da convocatoria de subvencións municipais para a organización de actividades culturais de interese xeral para o ano 2021, aprobadas polo decreto de Alcaldía núm. 2442/2021 mediante avocación da competencia delegada na XGL, foron publicadas no BOP da Coruña núm. 230 de 2 de decembro
2. O extracto da convocatoria foi publicado no BOP da Coruña núm. 233 de 9 de decembro. Polo tanto, o prazo de solicitude comezou na data do 10 de decembro e finalizou o 23 do mesmo mes.
3. Mediante o decreto de Alcaldía núm. 2557/2021 de 20 de decembro nomeouse a Comisión de Valoración que haberá de aplicar os criterios de valoración e de distribución de importes segundo se establece nos puntos 8 e 9 das bases reguladoras.
4. A Comisión de Valoración presentou a súa acta coa proposta de concesión de axudas na data do 27.12.2021. Na dita proposta de aprobación de axudas e de denegación de solicitudes apóiase este decreto de concesión definitiva.
5. As bases da convocatoria regulan que as solicitudes deben incluír toda a documentación necesaria para a valoración, incluíndo a documentación de xustificación dos gastos realizados. Por iso e en virtude do artigo núm. 24.4 da Lei 38/2003 de 8 de novembro, xeral de subvencións, así como do artigo 21.4 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, *poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.*
6. A Intervención municipal emitiu o informe JPB382/2021, no cal sinala que se fiscaliza de conformidade a proposta de xustificación das subvencións para a organización de actividades culturais de interese xeral 2021 polo importe de 12.034,63 euros, sen prexuízo da posible aplicación posterior do control financeiro.

Por todo canto antecede, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro.- Avocar a competencia da Xunta de Goberno Local debido ao escaso prazo restante para resolver dentro do exercicio económico da convocatoria.

Segundo.- Aprobar a concesión definitiva de axudas e aprobar os gastos do Concello que se relacionan na seguinte táboa, correspondentes a un grupo de beneficiarias da convocatoria de Subvencións municipais para a organización de actividades culturais de interese xeral para o ano 2021, polo cumprimento comprobado da súa condición de beneficiarias e polo importe de axuda efectivamente xustificado, con cargo á aplicación orzamentaria 444.48000, recoñecendo a obriga por un importe total de 12.034,63 euros.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

| EXP. | ENTIDADE SOLICITANTE | NIF | CONCESIÓN DEFINITIVA |
|-----------------------|--|-----------|----------------------|
| 62 | SOCIEDADE RECREATIVA, CULTURAL E DEPORTIVA | G12345678 | 3.352,70 € |
| 63 | ASOCIACIÓN CULTURAL COMISIÓN IRMÁNS SUÁREZ PICALLO | G70150065 | 1.564,70 € |
| 64 | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS ARMENTAL DE CARNOEDO | G15047962 | 243,50 € |
| 65 | ASOCIACIÓN DE MÚSICA E DANZA TRADICIONAL QUEIROA | G15862956 | 3.160,27 € |
| 67 | ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA A MEDA | G15338197 | 1.506,86 € |
| 68 | ASOCIACIÓN CULTURAL E MARIÑEIRA OS PATEXEIROS | G70200621 | 2.206,60 € |
| IMPORTE TOTAL: | | | 12.034,63 € |

Terceiro.- Denegar a axuda ás entidades relacionadas na seguinte táboa, polos motivos que se detallan en cada caso.

| EXP. | ENTIDADE SOLICITANTE | NIF | MOTIVACIÓN |
|------|---------------------------------|-----------|--|
| 66 | ASOCIACIÓN 3ª IDADE A LEMBRANZA | G15850381 | A asociación non puido xustificar ningún gasto cumprindo as condicións establecidas na base reguladora 6.3 |

Cuarto.- Publicar esta resolución no taboleiro da sede electrónica municipal (sede.sada.gal) e na páxina web municipal e cumprir así os efectos da notificación colectiva de todas as persoas e entidades interesadas, de acordo co artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e consonte ao establecido no punto 10.4 das bases reguladoras.

Quinto.- Ordenar á Tesouraría municipal o pagamento das axudas aprobadas.

Sexto.- Contra esta resolución, definitiva en vía administrativa, as persoas físicas ou xurídicas afectadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción desta notificación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de A Coruña, durante o prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de recepción desta notificación. En caso de interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio, transcorrido un mes desde a súa interposición sen resolución expresa. Non obstante, as interesadas poderán exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e o secretario accidental, Juan Esteban Méndez Leiva.